

## ANEXO

Provincia: Ourense.

Localidade: Ourense.

Concello: Ourense.

Enderezo: r/ Reza nº 3.

Código do centro: 32020665.

Denominación: Centro Privado GAP.

Titular: *Postal Escuela de Negocios, S.L.*

Composición resultante:

1 ciclo formativo de grao medio de Xestión Administrativa (1 unidade para 20 alumnos).

1 ciclo formativo de grao medio de Sistemas Microinformáticos e Redes (2 unidades, 20 alumnos/unidade).

1 ciclo formativo de grao superior de Administración e Finanzas (2 unidades, 20 alumnos/unidade).

1 ciclo formativo de grao superior de Administración de Sistemas Informáticos (2 unidades, 20 alumnos/unidade).

1 ciclo formativo de grao superior de Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas (2 unidades, 20 alumnos/unidade).

1 ciclo formativo de grao superior de Sistemas de Telecomunicación e Informáticos (2 unidades, 20 alumnos/unidade).

1 ciclo formativo de grao superior de Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos (2 unidades, 20 alumnos/unidade).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Orde do 29 de setembro de 2009 pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o mantemento de puntos de atención continuada e zonas especiais de urxencias que funcionen en centros de saúde de titularidade municipal.*

A Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, reformada pola Lei 8/1991, do 23 de xullo, creou o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade, como servizo de saúde da comunidade autónoma para a satisfacción das necesidades sanitarias da poboación e mellora do nivel de vida de saúde dos cidadáns galegos.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, derroga a Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia. O artigo 2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece dentro do seu alcance a ordenación e regulación do Servizo Galego de Saúde. O título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, constitúe a actual regulación do Servizo Galego de Saúde e recolle entre os seus fins a adecuada asignación dos recursos económicos afectos ao financiamento das prestacións e servizos de asistencia sanitaria e rehabilitación no ámbito da comunidade autónoma, tendo en conta as caracte-

rísticas socioeconómicas, sanitarias e poboacionais de Galicia.

Dentro deste marco, é competencia da Comunidade Autónoma de Galicia a ordenación da atención primaria de saúde no seu territorio.

O Servizo Galego de Saúde, consciente da importancia que no ámbito da sanidade teñen os centros de saúde que funcionan como puntos de atención continuada ou como zonas especiais de urxencias, regulados no Decreto 172/1995, e na Resolución conxunta do 15 de febreiro de 2001, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e das divisións de Recursos Humanos e de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, dirixidos a mellorar a atención dos cidadáns e a garantir unha atención á urxencia extrahospitalaria cun nivel óptimo de calidade e contando sempre coa presenza física dos profesionais sanitarios, e co obxecto de colaborar no mantemento dos puntos de atención continuada e zonas especiais de urxencias, en centros de saúde de titularidade municipal, que deben conservar e manter as corporacións locais galegas por formar parte do seu patrimonio, considérase necesario establecer unha liña de subvencións correntes con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

En cumprimento do pacto local do 20 de xaneiro de 2006 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), a Consellería de Sanidade asinou un protocolo con esta federación para establecer as bases entre os concellos de Galicia que voluntariamente o acorden para a cesión ao Servizo Galego de Saúde da propiedade dos centros de saúde dos concellos, e para a asunción por parte deste organismo dos seus gastos de mantemento.

A concesión de subvencións e axudas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia debe someterse ao cumprimento, entre outros, dos requisitos de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación segundo o sinalado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do regulamento que a desenvolve aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que exige a realización da correspondente orde reguladora e a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Polo exposto, e en uso das facultades que me atribúen os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1998, do 20 de outubro,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. O Servizo Galego de Saúde poderá conceder subvencións, ata o límite sinalado na correspondente partida orzamentaria, ás corporacións locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o mante-

mento de puntos de atención continuada e zonas especiais de urxencias que funcionen en centros de saúde de titularidade municipal.

2. Serán obxecto de subvención os gastos derivados do normal funcionamento dos puntos de atención continuada ou zonas especiais de urxencias asumidos polo concello: gastos de persoal non sanitario e os gastos correntes de auga, electricidade, teléfono, calefacción, limpeza, seguridade, etc.

3. O procedemento de concesión das subvencións tramitarase segundo o artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios dunha subvención as corporacións locais da Comunidade Autónoma de Galicia que sexan titulares dun centro de saúde en que funcione un punto de atención continuada ou unha zona especial de urxencias nos cales o Servizo Galego de Saúde estea prestando asistencia sanitaria.

Tamén poderán ser beneficiarios dunha subvención as corporacións locais da Comunidade Autónoma de Galicia que, en cumprimento do acordo entre a Consellería de Sanidade e a Fegamp sobre asunción de custos de mantemento dos centros de saúde, cedesen a propiedade do centro de saúde ao Servizo Galego de Saúde, polos gastos de mantemento asumidos polo concello desde o 1 de xaneiro de 2009 ata o momento en que se produza a formalización da cesión patrimonial do centro de saúde.

#### Artigo 3º.-Solicitudes.

1. As solicitudes de subvención serán formuladas polo presidente da entidade local respectiva, segundo o modelo que se une como anexo I a esta orde, e xuntaráselles a seguinte documentación:

-Orzamento ou valoración económica dos gastos anuais previstos de mantemento do punto de atención continuada ou zona especial de urxencias, desagregado en cada unha das partidas, de acordo co anexo II, acompañado de certificación do secretario do concello dos gastos do exercicio anterior (anexo III).

Nos supostos de cesión da titularidade do centro de saúde durante este exercicio teranse en conta unicamente os gastos asumidos pola entidade local ata a data en que os asuma o Servizo Galego de Saúde.

-Certificación do acordo adoitado polo órgano municipal competente, que aprobe a solicitude de subvención.

-Xustificación da titularidade do centro en que funciona o punto de atención continuada ou zona especial de urxencias e descrición del, incluíndo todos os elementos e características que poidan incidir nos criterios de concesión da subvención.

-Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade por calquera outra Administración ou ente público.

-Data de cesión do centro de saúde ao Servizo Galego de Saúde, no caso de producirse, antes da concesión da subvención

-Outros datos que o concello considere de interese.

2. As solicitudes de subvención presentaranse no Rexistro Xeral do Servizo Galego de Saúde (edificio administrativo San Lázaro, 15703, Santiago de Compostela), nos das súas direccións provinciais ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro).

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 4º.-Tramitación.

1. Será competente para a xestión das subvencións a Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, a través do Servizo de Xestión de Concertos e Recursos Propios da Subdirección Xeral de Orzamentos.

2. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, examínanse os expedientes para comprobar que reúnen os requisitos exixidos por esta orde, reclamándolles por escrito aos interesados os datos, documentos e aclaracións que se consideren necesarios para completar o expediente, con indicación de que se así non o fixeren nun prazo de dez días, considerárase que desisten da súa petición, de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

#### Artigo 5º.-Criterios de concesión.

1. Para a valoración das solicitudes teranse en conta os seguintes criterios:

1º Gastos de funcionamento do punto de atención continuada ou zona especial de urxencias asumidos polo concello, de acordo cos seguintes pesos ponderados:

Electricidade: 20% en función do número de tarxetas asignadas ao punto de atención continuada ou zona especial de urxencias e 80% en función da superficie do punto de atención continuada ou zona especial de urxencias.

Teléfono: 100% en función do número de tarxetas asignadas ao punto de atención continuada ou zona especial de urxencias.

Calefacción: 100% en función da superficie do punto de atención continuada ou zona especial de urxencias.

Limpeza: 100% en función da superficie do punto de atención continuada ou zona especial de urxencias.

Outro persoal non sanitario: 100% en función do número de tarxetas asignadas ao punto de atención continuada ou zonas especiais de urxencias.

Outros gastos de mantemento: 30% en función do número de tarxetas asignadas ao punto de atención continuada ou zona especial de urxencias e 70% en función da superficie do punto de atención continuada ou zona especial de urxencias.

2º Para cada concepto de gasto subvencionable, partindo da totalidade do gasto orzado por todos os concellos solicitantes, obtense o gasto medio por tarxeta sanitaria e o gasto medio por unidade de superficie.

3º Da aplicación do gasto por tarxeta sanitaria e do gasto por unidade de superficie sobre o número de tarxetas sanitarias e sobre a superficie de cada punto de atención continuada ou zona especial de urxencias, e ponderados segundo as porcentaxes do punto 1º deste artigo, obtense o gasto orzado axustado de cada concello.

4º O importe do crédito dispoñible para a concesión destas subvencións distribúese entre os concellos solicitantes, en función do gasto orzado axustado de cada un.

2. Para a concesión das subvencións tamén se terá en conta o importe dos convenios ou concertos cos concellos solicitantes, que poidan ter subscritos co Servizo Galego de Saúde, para axuda de gastos de funcionamento dos seus centros de saúde.

#### Artigo 6º.-*Resolución.*

1. A competencia para resolver a concesión das subvencións tramitadas ao abeiro desta orde correspóndelle á presidenta do Servizo Galego de Saúde, e delégase no director de Recursos Económicos.

2. As resolucións serán motivadas e seranlles notificadas aos interesados no prazo máximo de nove meses, contados a partir da publicación desta convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

4. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como benefi-

ciarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

5. As resolucións ditadas porán fin á vía administrativa. Poderase recorrer potestativamente en reposición, ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, se o acto é expreso, ou de tres meses se non o é, contados desde o día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderán ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da data de notificación, de acordo co previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

#### Artigo 7º.-*Publicación.*

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e faranse constar os seguintes extremos:

- a) Convocatoria.
- b) Nome da entidade beneficiaria.
- c) Destino da subvención.
- d) Programa e crédito orzamentario ao cal se imputa.
- e) Cantidade concedida.

Igualmente publicaranse na páxina web oficial do Servizo Galego de Saúde nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 20 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

#### Artigo 8º.-*Xustificación e pagamento.*

Os concellos aos cales se lles outorgue unha subvención ao abeiro do disposto nesta orde deberán xustificar o gasto de mantemento do punto de atención continuada ou zona especial de urxencias ante a Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde mediante certificación expedida pola intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control (co visto e prace do alcalde-presidente) en que se relacione e faga constar a contía dos gastos, desagregada por conceptos, así como a súa aprobación polo órgano municipal competente.

A antedita certificación será requisito necesario para proceder ao pagamento da subvención.

Poderase efectuar un pagamento parcial, non inferior ao 50% nin superior ao 80% do importe da subvención concedida, no momento en que a corporación local presente a correspondente certificación do gasto realizado. O importe restante farase efectivo ao beneficiario no momento da total xustificación.

En calquera caso, a xustificación do gasto, efectivamente pagado, deberase presentar na Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde antes do 30 de novembro.

Este prazo poderá ser modificado por causas debidamente xustificadas por resolución da Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde.

No momento da xustificación do gasto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o concello deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma finalidade, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

#### Artigo 9º.-*Comprobación.*

O Servizo Galego de Saúde poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos dos acordos con base nos cales se concederon as subvencións.

#### Artigo 10º.-*Outras obrigas.*

1. As entidades receptoras da subvención quedarán obrigadas:

a) A non alteraren o destino da subvención.

b) A admitiren as inspeccións e o control que estableza o Servizo Galego de Saúde, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida polo órgano xestor, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

c) A efectuaren a xustificación do gasto na forma preceptuada, facultándose a Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde para determinar o correcto cumprimento desta esixencia.

d) A comunicaren á División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención.

e) A conservaren os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

2. O importe das subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o importe do gasto efectuado.

#### Artigo 11º.-*Invalidez.*

No caso de producirse algunha das causas establecidas no artigo 32.1º e 32.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano concedente procederá á súa revisión de oficio ou, de ser o caso, á declaración de lesividade e ulterior impugnación, de conformidade co establecido nos artigos 102 e 103 da Lei 30/1992, do 26 de setembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 12º.-*Reintegro.*

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade comportará a obriga de devolver as cantidades percibidas.

Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos establecidos no artigo 33.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 13º.-*Infraccións.*

Para esta orde será de aplicación o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións establecido nos artigos do 50 ao 68 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 14º.-*Importe das axudas.*

As subvencións que se concedan na execución desta orde serán financiadas con cargo á aplicación 5001 412B 460.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, na cal existe un crédito inicial de 597.700 euros. A citada cantidade poderase incrementar en función das peticións presentadas e de acordo coas disponibilidades de crédito.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Nos aspectos non contidos nesta orde rexerá o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Segunda.-Autorízase a Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento e execución desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2009.

Pilar Farjas Abadía  
Conselleira de Sanidade



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE SANIDADE

## ANEXO I

EXPEDIENTE (PARA CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN)

PROCEDIMENTO

**SUBVENCIÓN PARA O MANTEMENTO DE PUNTOS DE ATENCIÓN  
CONTINUADA E ZONAS ESPECIAIS DE URXENCIAS QUE FUNCIONEN  
EN CENTROS DE SAÚDE DE TITULARIDADE MUNICIPAL**

CÓDIGO DO PROC.

SA801A

SOLICITUDE

## DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME DA CORPORACIÓN LOCAL		CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
REPRESENTANTE LEGAL DA CORPORACIÓN			
<input type="text"/>			

## DATOS DO PUNTO DE ATENCIÓN CONTINUADA/ZONA ESPECIAL DE URXENCIAS

ENDEREZO	SUPERFICIE (M <sup>2</sup> )
<input type="text"/>	<input type="text"/>
PERSOAL NON SANITARIO DEPENDENTE DO CONCELLO	
TIPO	NÚMERO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Don/Dona , con DNI número ,  
en calidade de  do Concello de .

## SOLICITA:

A concesión da subvención prevista na orde da Consellería de Sanidade do 29 de setembro de 2009, para o mantemento do punto de atención continuada/zona especial de urxencias situado en

## DECLARA QUE:

- A esta solicitude se lle xunta a documentación que se especifica ao dorso
- Acepta as actuacións de comprobación previstas na orde de convocatoria
- Os datos desta solicitude son certos

## CÓDIGO DA CONTA BANCARIA

BANCO	OFICINA	D.C.	CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 29 de setembro de 2009 pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o mantemento de puntos de atención continuada e zonas especiais de urxencias que funcionen en centros de saúde de titularidade municipal.*

SIGNATURA E SELO

, de de

Presidente do Servizo Galego de Saúde

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

- CERTIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLO ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE, QUE APROBE A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES
- VALORACIÓN DOS GASTOS DE MANTEMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN CONTINUADA OU ZONA ESPECIAL DE URXENCIAS ASUMIDOS POLO CONCELLO PREVISTOS PARA O EXERCICIO CORRENTE (ANEXO II)
- CERTIFICACIÓN DO SECRETARIO DO CONCELLO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN CONTINUADA OU ZONA ESPECIAL DE URXENCIAS ASUMIDOS POLO CONCELLO NO EXERCICIO ANTERIOR (ANEXO III)
- XUSTIFICACIÓN DA TITULARIDADE DO CENTRO EN QUE FUNCIONA O PUNTO DE ATENCIÓN CONTINUADA OU ZONA ESPECIAL DE URXENCIAS E A SÚA DESCRICIÓN, INCLUÍNDO TODOS OS ELEMENTOS E CARACTERÍSTICAS QUE POIDAN INCIDIR NOS CRITERIOS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN
- OUTROS DATOS QUE O CONCELLO CONSIDERE DE INTERESE

*ANEXO II*

**GASTOS ANUAIS DE MANTEMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN CONTINUADA/ZONA ESPECIAL DE URXENCIAS ASUMIDOS POLO CONCELLO PREVISTOS PARA O EXERCIZO 2009**

CONCEPTO (SINALAR CUN X)	IMPORTE (EUROS)
<input type="checkbox"/> AUGA	
<input type="checkbox"/> ELECTRICIDADE	
<input type="checkbox"/> TELÉFONO	
<input type="checkbox"/> CALEFACCIÓN	
<input type="checkbox"/> LIMPEZA	
<input type="checkbox"/> SEGURANZA	
<input type="checkbox"/> OUTRO PERSOAL NON SANITARIO <sup>1</sup>	
<input type="checkbox"/> OUTROS (ESPECIFICALOS)	

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura do órgano competente)

Asdo.:

<sup>1</sup> Especificarase o tipo de persoal non sanitario, indicando se ten dedicación exclusiva ao punto de atención continuada/zona especial de urxencias ou non. Neste último caso sinalarase o número de horas da súa xornada laboral dedicadas a prestar servizos no PAC/zona especial de urxencias e o importe do gasto será o correspondente a elas.

## ANEXO III

Don/Dona , con DNI número ,  
 en calidade de  do Concello de .

**CERTIFICA:**

Que os datos consignados a continuación son certos e que na contabilidade da institución están os documentos xustificativos deles, que quedan á disposición do Servizo Galego de Saúde para calquera comprobación que se queira efectuar.

**GASTOS ANUAIS DE MANTEMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN CONTINUADA/ZONA ESPECIAL DE URXENCIAS  
 ASUMIDOS POLO CONCELLO NO EXERCICIO 2007**

CONCEPTO (SINALAR CUN X)	IMPORTE (EUROS)
<input type="checkbox"/> AUGA	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> ELECTRICIDADE	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> TELÉFONO	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> CALEFACCIÓN	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> LIMPEZA	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> SEGURANZA	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> OUTRO PERSOAL NON SANITARIO <sup>1</sup>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> OUTROS (ESPECIFICALOS)	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Conforme:

Asdo.:

<sup>1</sup> Especificarase o tipo de persoal non sanitario, indicando se ten dedicación exclusiva ao punto de atención continuada/zona especial de urxencias ou non. Neste último caso sinalarase o número de horas da súa xornada laboral dedicadas a prestar servizos no PAC/zona especial de urxencias e o importe do gasto será o correspondente a elas.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 1 de outubro de 2009 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión de axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia convocadas pola Orde do 29 de xaneiro de 2009.*

Pola Orde do 29 de xaneiro de 2009, da Consellería do Medio Rural (*Diario Oficial de Galicia* nº 24, do 4 de febreiro), establecéronse as bases reguladoras das axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia e convocáronse para o ano 2009.

No artigo 25 da dita Orde do 29 de xaneiro de 2009, relativo ao financiamento destas axudas, detállase a aplicación orzamentaria e o importe económico previsto para elas. Este artigo prevé expresamente a posibilidade de incrementar a dotación orzamentaria contida na referida orde, polo que, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas superou as previsións realizadas por esta consellería, cómpre ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente.

En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e